



Proceso Selectivo Corpo Administrativo
Acceso Libre
Subgrupo C1

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, PARA O INGRESO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, NO CORPO ADMINISTRATIVO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C1

En sesión que tivo lugar o 3 de setembro de 2026, o tribunal nomeado pola Resolución do 10 de xullo de 2026 (DOG nº 133 do 17 de xullo) pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, mediante o sistema de oposición, pola quenda de acceso libre, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia, subgrupo C1, modificada pola Resolución do 21 de xullo de 2026 (DOG nº 140 do 28 de xullo) e pola Resolución do 29 de xullo de 2026 (DOG 146 do 5 de agosto), acordou de conformidade coa base II.1.2.10. da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cento vinte (120) preguntas tipo test, relacionado co anexo do programa que figura na Resolución do 19 de novembro de 2025 pola que se convoca o proceso selectivo, mediante o sistema de oposición, para o ingreso pola quenda de acceso libre, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1.

O exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento sesenta (160) minutos, agás as posibles adaptacións de tempo concedidas ás persoas aspirantes.





Proceso Selectivo Corpo Administrativo
Acceso Libre
Subgrupo C1

DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por cinco (5) o número de prazas convocadas sempre que acaden o mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinteicinco (25) puntos.

Asignarase unha valoración de 25 puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas que superen a proba terán unha cualificación distribuídas entre os vinteicinco (25) e os cincuenta (50) puntos proporcional ó número de respostas acertadas.

Santiago de Compostela (asinado dixitalmente)

A presidenta do tribunal

María Dolores Veiga Gondelle

